



Published on *CEIP López Ferreiro* (<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro>)

[Inicio](#) > Visita do alcalde de Santiago ao López Ferreiro

## Visita do alcalde de Santiago ao López Ferreiro

Enviado por [admin](#) [1] o Mar, 01/17/2023 - 10:22

Cando o alumnado de 6º de educación primaria participou na gravación do programa especial de *Ponte nas ondas* no pazo de Fonseca, propúxoselle ao alcalde de Santiago de Compostela que visitara o noso centro para coñecer as necesidades do CEIP López Ferreiro.

O venres 13, recibimos a visita de Xosé Antonio Sánchez Bugallo. As nenas e os nenos actuaron de guieiros polo centro, e así, tanto o Alcalde como o Concelleiro de Educación, Rubén Prol, escoitaron a necesidade de que nos pinten as paredes; que nos arranxen as pingueiras en diferentes zonas do edificio, e moi especialmente no comedor; que se limpen as pistas exteriores e se habiliten os baños; que se coloque céspede sobre o cemento das pistas...

Toda unha serie de peticións das que o Alcalde tomou nota, e que segundo o propio alumnado lle comentou, agardan ver realizadas, ou cando menos encamiñadas, antes de marchar para o instituto...E xa non queda tanto!



Feito con Drupal (ver. 6.28)



Proxecto Webs dinámicas

Xunta de Galicia - Consellería de Educación, 2013

Source URL: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro/node/519>

Links:

[1] <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro/user/2>